

## Inauguración da exposición retrospectiva Xesús Valverde 1925/1993

Escrito por

Mércores, 20 Abril 2011 21:59

---



Esta noite na Aula de Cultura "Ponte de Rosas" sede do Instituto de Estudos Miñoranos inaugurouse a exposición Xesús Valverde (1925/1993). A presentación da mesma estivo a cargo de Carlos Méixome, director do IEM; Alba Valverde, filla de Xesús Valverde, Antonio Valverde, irmán de Xesús e mais Juan González, 1º Tenente de Alcalde de Nigrán. Moitísima xente acudiu a esta inauguración, onde se contou coa presenza da familia de Valverde, concelleiros miñoranos, artistas do Val Miñor e público en xeral. Nesta exposición retrospectiva, celebrada 18 anos despois da morte de Xesús Valverde, ademais de amosar esculturas en pequeno e mediano formato, expóranse 26 debuxos, a meirande parte inéditos, algúns deles realizados nos últimos anos da súa vida que reflicten a súa interpretación simbólica do río Miñor e da paisaxe miñorá. A exposición estará aberta ata o 27 de maio e poderá ser visitada de luns a venres de 19 a 22 horas.

